



Queridas familias:

O primeiro de todo, o profesorado do CEIP Manuel Sueiro, desexa que todos e todas esteades ben. Esta situación non resulta sinxela para ninguén pero é necesario seguir as recomendacións do Ministerio de Sanidade, coidándonos e coidando aos demais e isto facémolo **quedándonos na casa**.

O segundo é mandar unha mensaxe de tranquilidade e calma. Os mestres e mestras do colexio deseñamos actividades para que os vosos fillos e fillas as vaian facendo na casa. Sabemos que non é unha tarefa sinxela, que moitas familias non tedes impresoras, nin ordenadores, ou temos que compartilos na casa, que as tablets non funcionan todo o ben que quixeramos... pero ante todo TRANQUILIDADE:

1º) As actividades que propoñemos a través da páxina web do colexio **non é necesario imprimilas**, as podedes facer nas libretas ou en folios aproveitando os recursos que tedes nas vosas casas.

2º) **Non é necesario que se copien os enunciados** das actividades.

3º) Se alguén non é capaz de resolver as actividades ou ten problemas coa páxina web podedes, ou ben **chamar ao colexio de 10.00 a 13.00 horas ao telefono 988231026** ou enviar correo a calquera das seguintes direccións de correo electrónico **ceip.manuel.sueiro@edu.xunta.gal** ou **ceipmsueiro@gmail.com** e estaremos encantados de axudarvos.

4º) As actividades están clasificadas por materias. **NON É PRECISO FACELAS TODAS**. Cada un de vós pode ir facendo pouco a pouco o que máis lle guste seguindo o voso ritmo, sen agobios e sen presións. **NON HAI PRÉSA**.

4º) Se alguén está nunha situación que lle impida realizar estas tarefas, como estar na aldea e non ter conexión ou calquera outra, non pasa nada, este non ten que ser un motivo de preocupación, as tarefas **NON SON AVALIABLES**, é dicir, non imos poñer notas.



Neste momento temos todos unha prioridade, que é coidarnos e coidar aos demais da mellor maneira que poidamos; estamos a vivir unha situación excepcional que require da nosa creatividade e imaxinación para resolver os pequenos obstáculos do día a día.

Un saúdo.

O director.

Asdo: José Manuel Rego García